

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 16 de maio de 2019 pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no primeiro cuadrimestre de 2019.

O artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para darlle cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Dar publicidade á relación de convenios subscritos pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde nos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril do ano 2019, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019

Beatriz Allegue Requeijo
Xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

ANEXO

Convenio	Importe económico	Data sinatura
Convenio entre a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde para a modificación do réxime de libramento das transferencias correntes de financiamento	Sen achega económica	21.2.2019
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e o Concello de Ferrol (Servizos de Benestar Social) para a formación de especialistas de Enfermaría Familiar e Comunitaria pertencentes á Unidade Docente Multiprofesional de Atención Familiar e Comunitaria da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol	Sen achega económica	1.4.2019
Convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral entre a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e Takeda para a elaboración do Plan formativo para a optimización do manexo do paciente con enfermidade inflamatoria intestinal na Atención Primaria do Sistema Público de Saúde de Galicia	Ingreso 10.000,00 €	30.4.2019

